


PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

PROGRAMACIÓN CURSO 2010-2011

Equipo de Normalización e
Dinamización Lingüística



ies manuel garcía barros

A ESTRADA

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO NO IES “MANUEL GARCÍA BARROS” DA ESTRADA

INDICE:

<i>Apartados</i>	<i>Páxina</i>
<i>A.- Datos xerais do Centro.</i>	3
<i>B.- Compoñentes do ENDL.</i>	4
<i>C.- Contexto do labor normalizador.</i>	5
<i>D.- A realidade administrativa do noso centro.</i>	7
<i>E.- O alumnado.</i>	8
<i>F.- O profesorado.</i>	9
<i>G.- Obxectivos.</i>	10
<i>G.A.- Referidos ao alumnado.</i>	10
<i>G.B.- Referidos ao profesorado.</i>	11
<i>G.C.- Referidos á Administración Centro, docente...</i>	11
<i>G.D.- Referidos á interacción coa sociedade.</i>	12
<i>G.E.- Referidos aos participantes no ENDL.</i>	12
<i>H.- Relación de actividades propostas.</i>	13
<i>I.- Cadro resumo de actividades (orçamento...).(ANEXO II)</i>	20
<i>L.- Declaración de axudas solicitadas e concedidas para o mesmo proxecto. (ANEXO III)</i>	22

A.- Datos xerais do Centro:

O centro

O IES Manuel García Barros encóntrase ubicado na zona escolar do Concello da Estrada.

Nel impartimos:

- Secundaria: ESO e bacharelato

Como centro de secundaria ten adscrito o CEIP Pérez Viondi (A Estrada), ao que acode o alumnado maioritariamente do núcleo urbano da Estrada, inda que tamén acoden a el alumnado de parroquias colindantes, pero en minoría, como pode ser de Ouzande, A Somoza...

O alumnado

En total hai 399 alumn@s repartidos en 18 grupos coa seguinte distribución:

1. ESO: 267 alumn@s
 - 1º ESO: 3 grupos. Total 62
 - 2º ESO: 3 grupos. Total 73
 - 3º ESO: 3 grupos. Total 68
 - 4º ESO: 3 grupos. Total 64
2. Bacharelato: 132 alumn@s
 - 1º Bacharelato: 3 grupos. Total 63
 - 2º Bacharelato: 3 grupos. Total: 69

En primeiro de Bacharelato dispomos no presente curso por primeira vez do Bacharelato de Artes cun total de 14 alumn@s.

B.- Componentes do ENDL.

Coordinador:

- Carlos Loureiro Rodríguez

Profesorado:

- Gisèle Maïssa Rodrigo (Dto. Francés)
- Pura Torres Rodríguez (Dto. Artesanía)

Alumnado:

- Priscila Pérez Cajaraville (2º Bacharelato)
- Leticia González Pisos (2º Bacharelato)
- Manuel De La Calle Cuevas (2º Bacharelato)
- Rocío Mato Búa (2º Bacharelato)
- Eva Janeiro Couceiro (2º Bacharelato)
- Lucía Louzao Brey (2º Bacharelato)
- Noemí Noya Barrio (2º Bacharelato)
- Miriam Reboredo Rodríguez (2º Bacharelato)
- Helena Vilar Rebolo (2º Bacharelato)
- Marta Rodríguez Castro (2º Bacharelato)
- Laura Sue Sánchez Rego (2º Bacharelato)
- Alba Vázquez Touceda (2º Bacharelato)
- Pilar Mato Barcala (2º Bacharelato)
- Sandra Álvarez Carbón (1º Bacharelato)
- Paula Rodríguez Villamayor (1º Bacharelato)
- Noa Pérez Saborido (1º Bacharelato)
- Luís López Bueno (2º Bacharelato)
- Cristian Carbajales Neira (2º Bacharelato)
- Etephanie Pereira Matos (2º Bacharelato)

C.- Contexto do labor normalizador

Fixar o concepto do que é a normalización pode permitírnos profundar debidamente na realidade sociolingüística do IES “Manuel García Barros” e da vila da Estrada:

Se entendemos por “normalización” un obxectivo do ecoloxismo lingüístico consistente nun proceso tendente a converter unha lingua no vehículo normal de comunicación dunha comunidade e, asemade, o proceso de creación de medios e ambientes favorables que posibiliten que ningún falante galego teña a necesidade de percorrer ao castelán en ningún ámbito vital, podemos afirmar que o noso Instituto é un reflexo moi mellorado da sociedade galega, pero que achega como a sociedade galega múltiples lagoas que máis adiante iremos constatando.

Se, pola contra, reducimos o ámbito da normalización ao expresado no DOG do 1 de setembro de 2010 (resolución do 25 de xuño de 2010 da Secretaría Xeral de Política Lingüística) e indicamos que a normalización nos centros educativos é *“reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso eficaz, afastado de usos sexistas e respectuoso coa situación sociolingüística en que se enmarca cada centro”*, estaremos na liña de crear uns obxectivos realistas para o ENDL, pero moi lonxe de acadar a normalización do galego dado que a realidade reflicte o escaso pulo normalizador que teñen -especialmente hoxe- e tiveron os nosos políticos.

Atendendo a este gran obxectivo xeral manifestado no DOG do 1 de Setembro, o IES Manuel García Barros é un factor normalizador dentro da vida da comunidade estradense e un ámbito de referencia.

Con todo e inda que está lonxe aparentemente do noso labor de normalización, queremos facer constar, como factores que dificultan gravemente a normalización da lingua no noso concello e no noso Instituto, feitos como:

- A escasa presenza dunha canle en galego ante a oferta de TV por cable (documentais, cultura, cinema e música transmítense en español e baixo unha óptica globalizadora).
- A escasísima ou nula presenza na nosa sociedade de xornais en galego que incorporen -superando deste xeito a diglosia- noticias en galego de carácter internacional.
- A ausencia de xornais deportivos en galego.
- A obrigatoriedade de percorrer ao castelán no mundo informático, pónase como exemplos as interfaces das páxinas máis visitadas polos alumnos (chats, Flickr...) ou programas específicos de calidade (Photoshop, Coreldraw, Soundforge...).
- A castelanización practicamente plena da vida comercial na vila da Estrada (letreiros de establecementos, artigos de luxo, ofertas, publicidade...).
- A ausencia case completa de publicidade en galego (claro que cando aparece algo chama a atención e valórase infinitamente).
- O prezo dos libros e da cultura en galego (comprar unha boa edición, como a de Castalia, coas obras completas de Garcilaso de la Vega, custa menos de 7 euros. ¿Canto custa a obra poética completa en galego de Rosalía ou a de Celso Emilio Ferreiro?).
- A pobrísima oferta cultural na nosa lingua nesta vila (cinema, aluguer de películas...).

Por outra banda, a vila da Estrada, de cuxo núcleo urbano proceden maioritariamente os nosos alumnos, está profundamente castelanizada e ese é un factor -xuntamente cos anteriores expresados- contra o cal o ENDL xamais poderá loitar sen a presenza de decisións políticas francamente dinamizadoras, e é un factor que merma enormemente a eficacia de calquera actuación que desenvolvamos.

D.- A realidade administrativa do noso Centro

En canto ao uso escrito, o galego non é só a lingua primordial, é tamén a lingua exclusiva en que se desenvolven as comunicacións que permiten a relación entre tódolos participantes do eido educativo.

Convén ademais sinalar a calidade normativa da lingua empregada (o cal, inda que non é o mesmo, favorece a normalización) e a escasa necesidade de recorrer ao ENDL por parte de tódolos integrantes da administración do Centro, desde aos conserxes, aos administrativos e aos membros do grupo directivo. O avance durante os últimos anos en relación ao uso administrativo da lingua galega é moi considerábel.

En canto ao uso oral, consideramos un factor grave e que favorece a diglosia o feito de que aqueles participantes da comunidade educativa con rol máis importante sexan tan incapaces de empregar o galego que ou ben xa non o empregan ou ben o seu uso vai en detrimento da consideración do galego como unha lingua culta por estar brutalmente castrapizado. Evidentemente este non é un labor do ENDL, pero debe facerse constar na contextualización. Desexamos, así a todo, deixar claro que o Equipo Directivo nunca foi un obstáculo para a normalización da lingua.

A lingua de uso habitual, maioritaria por presenza, agás en Claustros e outras reunións dese tipo -supoño, pois non estou presente en todas-, é o galego.

Desexo facer constar o importante papel que pode estar a xogar o Departamento de Orientación na creación dun ambiente favorable, non conflitivo, e na valoración positiva que alumnos, pais e profesores poidan ter da nosa lingua.

Polo que respecta ao Departamento de Actividades Extraescolares, cuxa dinamizadora é unha profesora do departamento de Lingua Galega e Literatura, o seu papel normalizador é excelente. Abonde con dicir que -e non ocorre isto en tódolos centros- as actividades do ENDL teñen tanto ou máis carácter preferencial do que

calquera outra actividade realizada no Instituto. Ademais o seu dominio e compromiso coa lingua maniféstase na praxe.

Con temor de esqueceréndonos de nomear algún outro grupo de traballo, desexamos facer mención de dous deles polo seu sobresaliente labor desde a óptica do ENDL: o grupo de traballo “Megabiblioteca do IES Manuel García Barros” e o “Taller de Expresión Artística do MGB”.

E.- O alumnado

O noso alumnado, como xa dixemos, está profundamente castelanizado. A creación do IES nº 1 provocou que ao noso Centro fosen adscritos alumnos con orixe case que exclusiva no centro da vila da Estrada. Isto supón que o emprego do galego nos alumnos de ESO como lingua de instalación ou lingua familiar supere nos grupos raramente o 20%. Evidentemente a porcentaxe en Bacharelato é superior, pois en Bacharelato recibimos alumnos doutras zonas do concello.

Con todo, o grao de aceptación entre o alumnado da lingua galega como lingua válida para a comunicación e tódolos ámbitos é excelente, se ben o actual ENDL non ousa facer unha estatística sobre esta e outras cuestións sen a axuda ou directrices de especialistas nesta disciplina científica (a estatística), recurso que, ao noso parecer, debería prover Política Lingüística e, sen o cal, nos sentimos perdidos pois o produto do noso traballo non deixarían de ser impresións non científicas.

En conclusión, a xuízo do ENDL, o galego é entre o alumnado un medio correcto e válido para a realización social dos individuos. O conflito lingüístico inda que presente socialmente, non ten unha translación evidente ás relacións persoais e á valoración das persoas entre o alumnado. Con todo, posto que unha das funcións da linguaxe, ademais da principal que é a comunicativa, é a de ser un elemento de integración ou marxinação social obsérvase, especialmente en cursos inferiores, certa timidez no emprego do galego por parte de alumnos galego falantes, chegando mesmo nalgunhas circunstancias a abandonar a súa propia lingua de instalación e optar pola lingua de relación. Consideramos que o ambiente do Centro é tan propicio a un normal desenvolvemento en galego que nos cursos superiores o emprego do galego consegue mesmo ter unha función identificadora grata para os seus usuarios.

Os maiores problemas que observamos como ENDL refírense á inmersión lingüística dos alumnos procedentes doutras comunidades ou doutros países. A falta de atención, de medios didácticos por parte da administración para a atención destes alumnos nas aulas é sorprendente e permite mesmo afirmar que é fonte de marxinação. Coa presente programación pretendemos facer fronte ao reto que supón non só a inmersión, senón tamén a integración. Consideramos ademais crucial que os alumnos da nosa propia comunidade se sintan partícipes da inmersión dos seus compañeiros.

F.- O profesorado

A opinión que poderíamos dar dos nosos compañeiros sería puramente especulativa, nunca científica. Sen o apoio de especialistas en estatística que axuden a elaborar enquisas e indiquen como proceder na súa corrección, a presente contextualización non deixa de ser máis ca unha simple opinión, inda que quizais con frecuencia referencie adecuadamente a realidade.

Entre aproximadamente 50 docentes que somos, é normal que haxa, pois somos reflexo da sociedade, todo tipo de actitudes lingüísticas e de prexuízos lingüísticos. Con todo, o ENDL non é quen de percibir a transmisión aos alumnos de prexuízos lingüísticos por parte do profesorado. Ao noso xuízo, pois descoñecemos calquera xeito de valorar cientificamente a normalización ou contranormalización que os profesores desenvolven, a posición dos docentes como colectivo e como particulares ante a lingua galega e a súa presenza nas aulas é cordial e respectuosa.

Nos máis dos casos observamos ao profesorado implicado e, cada ano que pasa, con menos deficiencias por mor do coñecemento da lingua. Así a todo, as deficiencias seguen existindo e debemos como ENDL afrontalas e tratar de superalas.

Tampouco é doado dicir que aulas se imparten en galego e cales en castelán pois con frecuencia as respostas dos alumnos son contraditorias.

Nalgúns grupos sabemos que se supera amplamente o 50% de asignaturas impartidas en galego, pero dubidamos da calidade e preguntámonos se a ausencia desa calidade pode ser un factor contranormalizador.

Con respecto ao profesorado, o noso principal obxectivo, como veremos a continuación, será implicar aos alumnos na realización de material que promova a mellora da calidade da lingua galega no ensino ou, cando menos, o coñecemento dela.

G.- Obxectivos

G.A. Referidos ao alumnado:

1. Concienciar ao alumnado da importancia que o axeitado uso da lingua oral ten para o desenvolvemento persoal e para a vida social.
2. Reforzar a dimensión comunicativa da lingua galega en relación con contextos vivos e vitais para os alumnos.
3. Reforzar a percepción da lingua galega como lingua útil tanto na vida cotiá coma na cultural.
4. Reforzar a adquisición de coñecementos e terminoloxías en galego, inda cando as asignaturas relativas a eses coñecementos se lles estean impartindo en castelán.
5. Reforzar o coñecemento da lingua e o seu uso eficaz tanto oralmente coma por escrito.
6. Colaborar no proceso educativo dos alumnos para que aprecien a riqueza e a variedade do patrimonio histórico, cultural, natural e lingüístico.
7. Potenciar a valoración da lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e colectiva.
8. Fomentar actitudes de respecto e tolerancia mediante a participación en actividades de grupo.
9. Contribuír ao proceso de prestixio do galego facilitando e animando a continuidade no uso da lingua galega naquel alumnado que teña o galego como lingua espontánea.

10. Atender especialmente a diversidade e facilitar a inmersión ao galego de alumnos estranxeiros sen nos apoiar no español (agás nos casos en que a lingua natural dos alumnos sexa esta).
11. Promover a creatividade e a autorrealización en galego.
12. Conseguir que os alumnos se sintan partícipes do proceso de normalización da lingua galega no Instituto e na sociedade, mesmo sendo un factor de apoio para que os seus profesores dominen mellor a lingua.

G.B. Referidos ao profesorado:

13. Reforzar a percepción da lingua galega como lingua científica e de cultura.
14. Facilitar a adquisición de terminoloxías e vocabulario en que son frecuentes as interferencias co español independentemente de que se impartan ou non as clases en galego.
15. Favorecer un clima de respecto e tolerancia que se ha de trasladar á comunicación cos alumnos.
16. Potenciar desde a normalidade e con normalidade, sen acrecentar o conflito lingüístico, actitudes e praxes favorables á normalización da lingua galega no ámbito educativo.
17. Fomentar que todos e cada un dos profesores sexan conscientes da importancia de cada acto individual favorable para a normalización da lingua, especialmente con aqueles profesores que non desenvolven frecuentemente actividades desta índole.
18. Achegar material válido, novidoso, de creación propia e interactivo en galego que facilite a consecución dos obxectivos anteriores.

G.C. Referidos á administración do Centro, á administración docente e aos demais participantes da comunidade educativa:

19. Potenciar o uso da lingua galega en todas e cada unha das múltiples manifestacións da vida académica

20. Servir de apoio para que se acade un uso correcto e digno oralmente e por escrito.
21. Colaborar na creación de novo material administrativo en galego.

G.D. Referidos á interacción coa sociedade:

22. Favorecer a presenza de software en galego mediante a colaboración con Mancomún (<http://www.mancomun.org/>), previamente hase contactar con eles (niso estamos).
23. Potenciar o uso do galego en Flickr.
24. <http://www.flickr.com/photos/iesmgb/sets/72157623064959927/>
25. Crear material no dominio público ou que permita as obras derivadas e o uso comercial e, deste xeito, colaborar coa Wikipedia galega.
26. Crear un fondo de imaxes en Commons que permitan as obras derivadas e o uso comercial (http://commons.wikimedia.org/wiki/Category:Galicia_%28Spain%29) que achegue ás Wikipedias e aos usuarios a vida cotiá dos alumnos e da comarca da Estrada.
27. Colaboración e participación nas actividades promocionadas pola Coordinadora de ENDL da Estrada.

Colaboración directa con Departamento Territorial da Consellería de Educación de Pontevedra. Gabinete de Normalización Lingüística. enderezo electrónico: sxpl.pontevedra@xunta.es.

G.E. Referidos aos participantes no ENDL:

28. Crear unha comunidade reflexiva na cal, inda que non se valore como primordial a praxe, si se valore a consciencia sobre o conflito lingüístico e a toma persoal de posturas. Todo isto sempre sen discriminación ningunha e procurando o respecto, é dicir, procurando que a valoración positiva dos participantes non provoque a marxinação doutros.

H.- Relación de actividades propostas:

A nosa proposta de planificación moverase dentro das pautas que sinala o decreto, tendo sempre como guía o obxectivo final de acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. Descrición das actividades de dinamización:

1. DIVULGACIÓN DO PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO:
Entregar unha copia do presente proxecto a tódolos docentes participantes, aos membros do Equipo de Dinamización Lingüística e a aqueles cos que nos congratulamos por nomealos polo seu favorable labor de cara á Normalización da lingua galega no IES “Manuel García Barros así coma en cada aula e demais espazos do centro (Secretaría, Biblioteca, Dirección, departamentos...). Preténdese con este feito que toda a comunidade escolar coñeza o labor e a existencia deste proxecto para o fomento do noso idioma.
2. VISITA AO MUSEO ETNOGRÁFICO “CASA DO PATRÓN” en Lalín (Pontevedra): O Departamento de Artesanía xunto co ENDL promoverán para a primavera do 2011 unha visita que ten como finalidade recoñecer o valor identitario que teñen a arte, a lingua e a cultura galega. De volta promeoverase unha exposición das fotos tomadas nesta visita para facelas extensivas ao resto do Centro.
3. CREACIÓN DE MATERIAL INTERACTIVO SOBRE TERMINOLOXÍAS:
Os alumnos de segundo e terceiro de ESO participarán nunha actividade que ten por fin a creación de material específico en lingua galega para as distintas materias que cursan, co fin de llo ofrecer aos seus profesores deste ano e poder así profundar na terminoloxía das materias e naquelas palabras en que é frecuente que haxa interferencias lingüísticas.

Nun principio calculamos que elaborarán uns setenta encrucillados e, quizais, outras tantas sopas de letras, referidos a diferentes materias, facendo deste xeito

conscientes aos alumnos de que están a colaborar na normalización da lingua galega no seu medio e ofrecéndolles o produto do seu traballo aos seus profesores.

Veranse implicados neste quefacer os departamentos de Ciencias Naturais, Tecnoloxía, Música, Ciencias Sociais, Física e Química, Artesanía e algún departamento máis que se vaia sumando ao proxecto ao longo do curso académico.

Para a realización desta actividade é necesaria a compra de programas informáticos, cando menos dous, un deles será Crossword forges.

Este material será producido en dous formatos. Un deles terá carácter interactivo e será posible solucionar os encrucillados en Internet unha vez que estes sexan subidos á páxina web do IES. Manuel García Barros. O outro formato será PDF, para a súa posible impresión e utilización en aulas en que non haxa conexión a Internet.

O material realizarase e publicarase baixo unha licenza “Creative Commons–Recoñecemento – Compartir igual” na aula virtual do Centro e, de estar activa, na Wiki de normalización “Estrando” dos tres Centros de Ensino Secundario da Estrada.

Realizaranse copias en CD para repartir aos Departamentos e ao alumnado.

O obxectivo desta actividade, que pode ter unhas miras a longo prazo, será o de fornecer unha ferramenta de traballo para a aula no noso idioma.

4. COÑECEMENTO DO MEDIO LINGÜÍSTICO: O noso centro educativo atópase na actualidade nun proceso de inmersión e compromiso coa innovación educativa, especialmente no campo das TICs (Tecnoloxías da Información e Comunicación). Conxugaremos as TIC co coñecemento do medio e lingüístico mediante a realización por parte dos alumnos de 1º de Bacharelato de presentacións sobre:

- O concello da Estrada, parroquias, monumentos, efemérides...

- Os nosos paxaros.
- Os nosos peixes
- As nosas árbores
- As flores
- Os apeiros e os aveños de labranza
- Oficios artesanais (co departamento de Artesanía)

Os traballos serán publicados na web do Centro e repartidos ao profesorado e alumnado do mesmo en CDs.

Con esta actividade preténdese que os nosos máis xoves reflexionen e se interesen nese espazo real que os rodea e que teñen moi esquecido e obviado.

5. Letras galegas: Participación no CORRELINGUA 2011: Actividade que se promocionan coordinadamente os ENDL do IES Losada Diéguez, IES Mixto nº1 e IES García Barros. Os alumnos de 1º de ESO farán unha marcha ata o concello.
6. “DAIRAS”: Colaboración na redacción e corrección dos textos do “Taller de Expresión Artística do MGB” e, en concreto, da curtametraxe de animación “Dairas” (<http://dairasmgb.blogspot.com/>)
7. “MEGABIBLIOTECA DO IES MGB”: Colaboración, xunto co equipo de traballo “Megabiblioteca do IES Manuel García Barros”, o Departamento de Lingua Española e o Departamento de Artesanía, na creación dos carnés da Biblioteca dos alumnos.
8. CREACIÓN DA WIKI “ESTRANDO”: Este é un proxecto plurianual OU permanente que este ano pretendemos, cando menos, poñer en marcha. Consiste en crear unha Wiki vencellada ós ENDL dos tres Institutos da Estrada. Tería como finalidade acoller e dar publicidade a todo aquel traballo propio e orixinal en galego que os alumnos dos tres centros fagan nas aulas, ou os mesmos traballos e esforzos dos tres ENDL. Por desgraza, inda que a experiencia que temos persoalmente en wikis é grande, polo de agora só podemos atender a

instalación da Wiki, pero esperamos que neste curso académico poidamos comezar a crear as políticas de funcionamento.

OBXECTIVOS DA WIKI

- Aprender a linguaxe das wikis (deseñar texto, compoñer táboas, fórmulas matemáticas...). A linguaxe das wikis é moi semellante á que se emprega na creación de texto nas webs.
- Recoñecer e respectar os dereitos de autoría
- Colaborar activamente na creación dun proxecto no “dominio libre”.
- Acadar actitudes que faciliten a colaboración mediante a participación nun proxecto colaborativo sen ánimo de lucro que predispoña á creación dunha comunidade.
- Integrar o alumno nunha comunidade por medio da súa participación e da produtividade do seu quefacer.
- Facilitar e promocionar a creatividade dos alumnos en lingua galega
- Acadar un correcto dominio da lingua galega tanto redactando como corrixindo os traballos doutros usuarios.
- Promocionar a interacción entre os participantes respectando as regras colaborativas:
 - Aprender a respectar ós outros usuarios aínda mesmo habendo desacordo e presupoñendo sempre boa fe.
 - Aprender a acadar o consenso. Promocionar o diálogo e a discusión aberta.
 - Responsabilizarse de quefaceres administrativos ou directivos na administración da wiki co fin de que os participantes teñan unha mentalidade completamente colaborativa
- Promocionar unha actitude crítica: Recoñecer, á hora da realización dos artigos da wiki, a diferenza entre un punto de vista neutral e unha perspectiva sesgada ou partidista.
- Aprender a facer referencias: Unha wiki nunca pode ser unha fonte primaria, pois os seus contidos deben ser referenciados e basearse en traballos, artigos ou libros con autoridade manifesta.

- Acadar a integración e relación dos estudos que os alumnos realizan na Ensinanza Secundaria co seu medio e coa súa comunidade.
- Conseguir que a Wiki sexa un espazo de expresión e realización persoal para alumnos e profesores participantes
- Crear unha comunidade virtual que sirva de ligazón entre as diferentes experiencias educativas dos Institutos da comarca.

9. PROXECCIÓN DE CURTAMETRAXES: “CURTAS NA ESTRADA”:

Unha edición para este curso da actividade realizada polos 3 IES con moito éxito no curso anterior. Procura presentar a produción audiovisual que se fai por alumnado dos propios centros e na localidade, que, como o conxunto do audiovisual galego, vive un momento moi creativo, con producións interesantes que teñen acadado premios en diferentes certames.

Con elas pretendemos amosar a vitalidade dun medio moi tecnoloxizado, vangardista e atractivo entre a mocidade, presentando produtos con linguaxes vangardistas, marcadamente xeracionais e con capacidade de conexión entre o alumnado.

Esta actividade será organizada conxuntamente polos tres centros de secundaria. Interrelacionaranse os cursos de 2º, 3º, 4º de ESO e PCPI, alumn@s dos tres centros favorecendo o intercambio dos mesmos. Proxectaranse tres curtas que serán presentadas polos propios directores. Será organizada polos coordinadores dos ENDL en colaboración cos profesores de Arte e Imaxe (departamento de Xª e Hª) e cos Minicines Central

10. VIAXE Á VIDA E OBRA DE LOIS PEREIRO, MOSTRA DA NOSA POESÍA

DE FINS DO SÉCULO PASADO: Logo do resultado altamente positivo da actividade realizada o curso 08-09 “Versos a Palestina: Recital solidario por videoconferencia” e do curso pasado “Courel dos tesos cumes de Novoneyra” este curso programamos entre os 3 centros outra edición para celebrar para datas próximas ás “Letras Galegas” algo relacionado co escritor que será homenaxeado nas letras galegas, Lois Pereiro, e e así procurar na súa poesía unha mostra da nosa literatura de fins do século pasado.

A actividade consiste nun recital poético conxunto de alumnado dos 3 IES a través de videoconferencia, participando poetas consagrados a través co Centro Multimedia de Lugo, contando coa colaboración do CMG. Esta actividade intégrase coa do concurso de creación artística de xeito que se traballará co alumnad@ nas aulas para realizar creacións poéticas e fotográficas (concurso de fotopoesía) que, logo dun proceso de selección en cada centro, serán lidas e proxectadas na videoconferencia; amais, ampliando o emprego das TIC, as fotos cos textos asociados serán subidos a un álbum en Flickr, a fotografía será compartida coa licenza Creative Commons-atribución-compartir baixo a mesma licenza-xenérica 2.0, tamén se imprimirán con exposición nos propios centros.

Esta actividade terá como obxectivo fundamental o estimular a capacidade de comunicación e a creatividade do alumnado explorando a capacidade expresiva da linguaxe poética; familiarizar o alumnado co emprego das TIC a través da interconexión e relación entre diferentes modalidades de transmisión da información e emprego de diferentes dispositivos; asociar o galego á creación artística e favorecer o intercambio do alumnado dos centros; favorecer o intercambio do alumnado dos centros.

11. VIAXE CULTURAL DOS COMPOÑENTES DO ENDL: Aqueles que participaran no ENDL serán invitados a unha viaxe cultural, logo de acabado o curso académico, aínda por determinar. Esta actividade irá inserida nas programacións de viaxes culturais do Departamento de Lingua Galega e Literatura e estamos a traballar en diferentes opcións: Viaxe cultural sobre “A praia dos afogados” (obra de Domingo Villar); viaxe cultural á “Solaina de Piloño e á Fundación Neira Vilas de Gres (Cruces); A Rianxo e escritores rianxeiros; a Ourense da man da “Xeración Nós”.

12. ELABORACIÓN DUN VOCABULARIO MÍNIMO SOBRE O MOBLE: Debido á importancia do moble no noso Concello e ao emprego mínimo do galego neste eido, procederíase á elaboración dun vocabulario mínimo e funcional que posteriormente se faría chegar aos diferentes talleres, expositores... Neste proxecto crearanse grupos de alumn@s dos tres centros para visitar diferentes fábricas e exposicións de mobles do concello e despois

terminar elaborando o vocabulario. Como obxectivo pretendemos que nos nosos mobles tamén teña un pouco específico o noso idioma e non só o castelán.

13. ELABORACIÓN DA “RUTA DAS LETRAS ESTRADENSES”: Percorrido cultural sobre a nosa literatura estradense (Marcial Valladares, Avelina Valladares, Manuel García Barros, Manuel Daniel Varela Buxán, Antón Losada Diéguez, Xosé Manuel Martínez Oca, Pepe Carballude...), todo isto complementado con diferentes lugares, locais... importantes polo seu pasado para a nosa cultura estradense (Salón Novedades...). Realizarase en papel impreso para espallar nos diferentes centros educativos do concello e ademais unha presentación dixital que será espallada en CD. A partir desta “Ruta” crearase unha presentación dixital ampla autores/-as da nosa literatura estradense para facermos chegar unha información básica a centros de estudo, organismos oficiais... conforme os estradenses temos literatura de noso.
14. CREACIÓN DUN CENTRO DE APOIO DE EMPREGO DO GALEGO NA PUBLICIDADE DO NOSO CONCELLO: Ofertarase un correo ás diferentes empresas publicitarias (copisterías, tendas de elaboración de recordos, agasallos...) do noso concello para lles resolver calquera dúbida no noso idioma para o seu labor publicitario.
15. ELABORACIÓN DUNHA REVISTA AO FINAL DE CURSO: Nesta revista irían recollidos premios literarios, actividades, colaboracións... do noso centro. Sería como un resume final de curso.
16. ENTREVISTA A UN/UNHA AUTOR/-A ESTRADENSE: Neste curso realizaríase unha entrevista ao estradense Xosé Manuel Martínez Oca. Esta entrevista sería fotocopiada para todo o centro así como tamén inserida na nosa Páxina web no apartado de “entrevistas” onde xa figuran entrevistas a diversas personalidades das nosas letras como Fracisco Pillado, Xosé Luna, Neira Vilas, Antía Otero e M^a Neves Soutelo...

I.- Cadro resume de actividades(ANEXO II):

<i>Temporalización</i>	<i>Título actividade</i>	<i>Responsábel e Departamento</i>	<i>Destinatarios</i>	<i>Orzamento</i>
Antes do 15 de outubro.	1.Divulgación do Proxecto de Fomento do Uso do Galego. (Fotocopias).	ENDL	Todo alumnado, profesorado e persoal do centro.	40 €
1º Trimestre curso.	2.Visita ao Museo Etnográfico “Casa do Patrón” (Lalín).	ENDL/Dpt. Artesanía.	Alumnado ENLD e alumnado Artesanía.	200 €
Dous primeiros trimestres curso.	3.Creación de material interactivo sobre terminoloxías. (Fotocopias)	ENDL	Profesorado IES.	30 €
1º Trimestre curso.	4.Coñecemento do medio lingüístico (Copias CD.)	ENDL e alumnado de 2º Bach./Dpto. Ciencias.	Profesorado do centro e demais centros educativos estradenses.	25 €
Por determinar	5.“Correlingua 2011”. (autololantes, cartaces...)	ENDL e Dto. Galego dos tres centros.	1º ESO	150 €
Todo o curso. Comezado xa o curso pasado.	6.Apoio lingüístico a “Dairas”	ENDL e Dto. Galego.	“Taller de expresión artística”	0 €
Todo o curso.	7.“MeGaBiblioteca do IES. Manuel García Barros”.	ENDL e Dto. Galego.	Biblioteca do centro.	0 €
Todo o curso e cursos vindeiros.	8.Creación da Wiki “Estrando”	ENDL dos tres centros de	Alumnado dos tres centros de	

		Secundaria	Secundaria.	0 €
2º trimestre. 3 martes pola tarde.	9. Proxección de curtametraxes “Curtas na Estrada”	ENDL dos tres centros.	2º, 3º e 4º ESO	300 €
2º ou 3º trimestre	10. “Viaxe á vida e obra de Lois Pereiro, mostra da nosa poesía de fins do século pasado.”	ENDL dos tres centros.	ESO e Bach. dos tres Centros de secundaria.	50 €
Primeiro trimestre curso.	11. “Viaxe Cultural membros ENLD”	ENDL	Membros ENLD	350 €
Dous primeiros trimestres.	12. “Elaboración de vocabulario mínimo sobre o Moble” (Fotocopias)	ENDL/Dto. Galego dos tres centros.	Eido do Moble da Estrada.	40 €
Dous primeiros trimestres.	13. “Elaboración da Ruta das Letras estradenses”. (Copias en CD. e fotocopias)	ENDL/Dto. Galego	Centros educativos da Estrada.	45 €
Todo o curso.	14. “Apoio ao eido da Publicidade na Estrada.”	ENDL	Negocios estradenses de publicidade.	0 €
Mai/Xuño 2011.	15. “Elaboración Revista MGB”. (500 exemplares cunhas 20 páxinas 2 en cor e 18 B/N)	ENDL/Dto. Deseño/Dto. Galego.	Alumnado, profesorado e demais persoal do Centro.	1000 €
1º Trimestre	16. “Entrevista a un/unha autor/-a estradense”. Xosé Manuel Martínez Oca.	Alumnado do ENLD	Alumnado, profesorado e demais persoal do Centro.	0 €
TOTAL:				2.240 €

A Estrada, 30 Setembro do 2010.

Vº e Prace. A Directora

O coordinador do ENDL

Asdo. Gisèle Maïssa Rodrigo

Asdo. Carlos Loureiro Rodríguez

L.- Declaración de axudas solicitadas e concedidas para o mesmo proxecto (ANEXO III):

Don Carlos Loureiro Rodríguez, con DNI nº 76858224-K en nome e representación do IES Manuel García Barros (A Estrada-Pontevedra) con CIF nº DECLARA:

➤ **Non** ter solicitadas outras axudas para o proxecto obxecto de solicitude.

Así mesmo, comprométome a comunicarlle ao Gabinete de Normalización Lingüística de Pontevedra calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude.

Igualmente, declaro baixo a miña responsabilidade non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

A Estrada, 30 de Setembro do 2010

Asdo. Carlos Loureiro Rodríguez